

INSTRUCCIÓN DE 1 DE XUÑO DE 2017 PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PAGO CON TARXETA DE CRÉDITO DE MATRÍCULAS DE CURSOS DE FORMACIÓN, ESPECIALISTA E COMPLEMENTARIOS A TRAVÉS DA PLATAFORMA BUBELA

Unha vez probado, con éxito, o pago dos importes de matrículas de cursos de formación, especialista e complementarios, a través da plataforma BUBELA procede a súa posta en funcionamento, con carácter xeral, nunha primeira etapa, para os pagos con tarxeta de crédito. Para iso procederase como segue:

1. Habilitarase con ABANCA un contrato de TPV para o cobro deste tipo de prezos públicos, de tal forma que a entidade bancaria realice o abono diario de forma independente doutro tipo de prezos públicos.
2. Remitir ao Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría a información necesaria para a comprobación dos importes ingresados na conta bancaria e para a realización das operacións contables que procedan. A información a remitir debe conter:
 - a. Identificación do alumno
 - b. Importe pago
 - c. Data do pago
 - d. Denominación e código do curso
3. A remisión á que se refire o apartado anterior pódese substituír pola habilitación para acceder á plataforma BUBELA para obter a información de forma clara e sinxela.

A súa vez, os servizos informáticos continuarán cos traballos para que o ingreso deste tipo de matrículas se poida realizar cos procedementos que se axusten ao denominado *Caderno 57*, que permite mediante sufixos identificar as actividades e o pago de todos os alumnos a través da plataforma BUBELA. Os servizos informáticos deben ter en conta que cada un dos tipos de cursos deben ser identificados por un sufixo, para obter este número deberán coordinarse co Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría.

Os gastos financeiros que xera este tipo de pago deben imputarse á aplicación orzamentaria de cada curso, en función do importe ingresado.

O sistema debe facilitar un ABONARE/CARTA DE PAGO, no que figuren todos os datos da Universidade e do alumno, que permitan facer valer o documento como xustificante de gasto para todos os efectos.



Vigo, 1 de xuño de 2017
O Xerente

Manuel Fernández Jauregui

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201700008929
05/06/17 09:47:14